

<<TALENTO COOPERATIVO >>

Interreg



Cofinanciado por
la Unión Europea
Cofinanciado pela
União Europeia

Es_factory

España - Portugal

Programa de fortalecimiento para a mellora das áreas de xestión das cooperativas e outras entidades da economía social

Convoca: Unión de Cooperativas Galegas EspazoCoop

Destinatarias: Cooperativas e entidades de economía social, localizadas preferentemente no rural.

Convoca

Unión de Cooperativas Galegas EspazoCoop, dentro do Programa de actuación 2024-2025 da Rede Eusumo e do Programa POCTEP ES_FACTORY.

A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Dirección Xeral de Traballo Autónomo e Economía Social da Xunta de Galicia para o fomento e consolidación do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Trabajo y Economía Social.

Obxecto

O obxecto desta convocatoria é **seleccionar 4 COOPERATIVAS** para **incorporar** nelas a **persoas coa titulación axeitada** que realizarán **prácticas de apoio e mellora xerencial na mesma** durante **6 meses**, a **25 horas semanais**. As persoas bolseiras contan cunha retribución mensual e alta na Seguridade Social cubertas por EspazoCoop para desenvolver o seu labor, ademais a Unión encárgase do proceso de selección das persoas bolseiras.

A finalidade do programa é mellorar as condicións nas que as entidades confrontan a función xerencial e incorporar melloras nas áreas de xestión, á vez atraer e fixar talento da mocidade con alta cualificación, e que poidan contar cunha aproximación ó mercado laboral no eido da economía social.

O obxectivo xeral do programa é fomentar a creación de emprego na mocidade.



Obxectivos específicos do programa

- ✓ Mellorar a capacidade da entidade de economía social para detectar necesidades en relación coa función xerencial, e mellorar a profesionalización da entidade.
- ✓ Capacitar de forma práctica ó persoal de nova incorporación nas especificidades da cooperativa e outras fórmulas de economía social, en xeral, e da función xerencial neste tipo de empresas, en particular, tanto na fase previa á incorporación, como durante o período de estadía na entidade beneficiaria, promovendo un proceso de aprendizaxe dual.

- ✓ Mellorar a capacidade das entidades de economía social para abordar retos empresariais, incorporando novos perfís ben cualificados, reforzando as áreas que sexan susceptibles de mellora para acadar un pleno desenvolvemento empresarial e societario.
- ✓ Dotar de ferramentas específicas de diagnose que poidan contribuír a mellora futura da xestión empresarial e societaria con carácter autónomo.
- ✓ Fomentar o encontro entre as entidades de economía social candidatas-beneficiarias do programa desta e anteriores edicións, a posta en común de necesidades e recursos, a transferencia de experiencias, metodoloxías e boas prácticas no ámbito da mellora na función xerencial.

CARACTERÍSTICAS DE 'TALENTO COOPERATIVO'

Quen pode solicitar Talento Cooperativo?

Cooperativas e outras entidades de economía social, con vontade e compromiso para **mellorar o labor xerencial**, que reúnan o perfil de beneficiarias do programa, a saber:

- ✓ Cooperativas e outras entidades da economía social (ES en diante) que queiran fortalecer as áreas de xestión empresarial
- ✓ Que teñan realizada unha detección de necesidades ou eivas de cualificación nalguna/s área/s de xestión
- ✓ Que non teñan persoal adscrito específico cualificado para a área de xestión e xerencia
- ✓ Que poñan a disposición da persoa os medios técnicos, materiais e tecnolóxicos precisos para o desenvolvemento do seu traballo
- ✓ Que poñan o tempo preciso a disposición para poder cumprir co itinerario de traballo establecido entre as partes (entidade beneficiaria – EspazoCoop- persoa beneficiaria), ó inicio do programa, para o período que dura a estadía (6 meses)

O programa ten carácter **GRATUÍTO** para a **entidade beneficiaria**. As persoas bolseiras contan cunha retribución mensual e alta na Seguridade Social cubertas por EspazoCoop, formalizadas nun acordo de colaboración entre as tres partes.

Compromisos das entidades seleccionadas

As entidades que sexan beneficiarias do programa por un lado, terán dereito a dispor dunha persoa bolseira na área xerencial, con acompañamento dunha titora de EspazoCoop, e por outro lado, adquirirán certas obrigas ou compromisos (de participación no programa, de atención e colaboración coa persoa, de presentación documental, etc.), que se indicarán dentro do proceso de selección e na guía de xestión do programa, e se recollerán nun convenio de colaboración que será asinado entre a entidade beneficiaria, a persoa bolseira e EspazoCoop.

Na entidade deben existir unhas condicións mínimas de atención e dedicación á Bolsa e á persoa bolseira, tanto para que poida desenvolver os traballos encomendados, como para que a entidade garanta o proceso de transferencia de coñecemento, e que poida resultar fortalecida en capacidades e habilidades de xestión á fin do mesmo.

O incumprimento das obrigas e compromisos por parte da entidade beneficiaria da Bolsa do Programa TALENTO COOPERATIVO poderá levar a suspensión da mesma e, se é o caso, a reclamación de danos e prexuízos por parte da Unión de Cooperativas EspazoCoop.

Selección de entidades

O proceso de selección consistirá na análise da seguinte información compilada:

- ✓ **Resultados do proceso de consulta** de detección de necesidades no eido da xestión empresarial, realizado por EspazoCoop entre o 13 e o 27 de maio de 2025.
- ✓ **Información recibida pola entidade solicitante** no proceso de solicitude, a saber:
 - ◆ **Formulario cumprimentado**, no seguinte enlace: [aquí](#)
 - ◆ **Solicitude de participación no programa**, descargar formato editable, no seguinte enlace: [aquí](#)
- ✓ **Entrevistas, visitas persoais ou reunións telemáticas** encamiñadas a obter información precisa para a correcta valoración da solicitude, en termos de diagnose previa da situación da cooperativa.

A valoración e selección das cooperativas beneficiarias do Programa TALENTO COOPERATIVO, será realizada por unha comisión constituída *ad hoc*, na que participará tres persoas do equipo técnico de EspazoCoop.

Diagnose e desenvolvemento do plan de traballo

A información obtida no proceso anterior de solicitude sentará as bases para a elaboración do Plan de Mellora. A dita información será complementada coa análise inicial que realice a persoa, durante as primeiras dúas semanas de estadía.

Contará, como mínimo, cos seguintes contidos:

- ✓ Obxectivos
- ✓ Planificación de accións
- ✓ Resultados esperados
- ✓ Indicadores de medición de impacto
- ✓ Relación de ferramentas desenvolvidas para a xestión

En todo momento, a entidade contará coa referencia dunha persoa do equipo técnico, como titora acompañante da persoa, establecendo un mínimo de tres reunións entre as tres partes ó longo da estadía, e coa que definirá tanto o plan de traballo como a avaliación final da estadía.

Onde se desenvolve?

Como as persoas bolseiras seguirán un programa formativo teórico e práctico dinamizado por EspazoCoop, consistente en unha formación de mínimo 15 horas en teleformación e un mínimo de 10 horas de formación presencial.

O lugar de celebración dos traballos de apoio xerencial serán:

- ✓ Nas instalacións da propia entidade beneficiaria dunha bolsa do programa
- ✓ Nos lugares e instalacións que se estimen necesarios para impartir as actividades formativas e acompañamento (locais da Unión de Cooperativas EspazoCoop)

Por iso **é importante que a entidade dispoña das condicións de espazo e de equipamento idóneos**, para que a bolseira poida traballar correctamente durante a estadía en prácticas.

Titorías nas entidades

O Programa TALENTO COOPERATIVO tamén prevé sesións de titorización dos traballos de mellora e xerenciais na propia entidade. Nestas titorías participarán persoal da entidade, a persoa bolseira, e a titora de EspazoCoop.

Datas de posta en marcha

O **proceso de selección**, tanto de cooperativas como das persoas bolseiras, terá lugar entre **xuño e setembro** de 2025.

A **estadía en prácticas** da persoa bolseira na cooperativa, **comezará no derradeiro trimestre do ano 2025 e terá unha duración de 6 meses**.

SOLICITUDES : QUE PRESENTAR?

As entidades achegarán a **solicitud** e un **formulario en liña** cumprimentado para formalizar a súa demanda.

1 | A solicitud pode achegarse en formato dixital (orixinal escaneado) ou en formato papel (orixinal). Deberá estar asinada pola presidencia e secretaría do consello reitor da entidade e levar o selo.

Remitir a solicitud por correo electrónico á Unión de Cooperativas EspazoCoop a: roberto@espazo.coop

2 | O formulario de demanda de TALENTO COOPERATIVO cumprimentarase en liña e o recibiremos automaticamente en EspazoCoop.

INFORMACIÓN E CONSULTAS

No teléfono **986 866 149**, ou no correo electrónico roberto@espazo.coop

PRAZO DE PRESENTACIÓN

As solicitudes poderán presentarse do venres 30 de maio ao luns **30 de xuño de 2025**.

ACEPTACIÓN DAS BASES

A presentación da solicitud implica a conformidade e aceptación das bases da convocatoria por parte das cooperativas solicitantes.

En Santiago de Compostela a 30 de maio de 2025